

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista provisional de admitidos e excluídos dunha praza vacante de oficial albanel fontaneiro

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1597/2025, de data 19.12.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL ALBANEL FONTANEIRO, CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2024

Expediente: 2025/E001/000023; 2025/G003/001605

Na Xunta de Goberno Local do 02.10.2025 acordouse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de oficial albanel fontaneiro que figura como vacante no cadro de persoal do Concello de Fene e foi incluída, na OEP 2024 (BOP núm. 244 do 19.12.2024).

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no BOP núm. 193 do 09.10.2025. O 28.10.2025 foi publicado no BOP núm. 206 do 28.10.2025 unha corrección de erro das ditas bases. Así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA núm. 219 do 12.11.2025), e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 280 do 21.11.2025). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 11.12.2025.

Rematado o prazo de presentación de instancias, consonte ao disposto na base 6 das precitadas bases reguladoras do proceso selectivo e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas que se relaciona a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI NÚM	CELGA 3 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Díaz Veiga, José Luis	***7035**	SI	Solicita realizar probas escritas en lingua galega
2.	Fernández García, Manuel	***5943**	SI	
3.	García Blanco, Diego	***2864**	SI	
4.	González Rodríguez, Manuel José	***1719**	SI	
5.	López Mosquera, Jorge	***3139**	SI	
6.	Permuy Río, David	***8069**	SI	Solicita realizar probas escritas en lingua galega
7.	Puentes González, Jose Herminio	***8376**	SI	Solicita realizar probas escritas en lingua galega
8.	Santamariña Otero, Antonio	***6058**	SI	
9.	Sánchez Díaz, Carlos	***4519**	SI	

SEGUNDO.- Aprobar a lista provisional de persoas excluídas que se relaciona a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	MOTIVO EXCLUSIÓN	CELGA 3 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Fresco Faraldo, Marcos	***9165**	3	SI	Achega certificación académica, a cal non reúne os requisitos esixidos na base 4ª das reguladoras do proceso selectivo.
2.	Galego Martínez, Sergio	***1255**	3	NON	Non achega a titulación esixida nas bases. Se non achega CELGA 3 ou titulación equivalente, deberá realizar proba de lingua galega.
3.	Lamelas Insua, Iván	***0832**	3	SI	Achega certificación académica, a cal non reúne os requisitos esixidos na base 4ª das reguladoras do proceso selectivo.
4.	Martínez Barros, Roberto	***9813**	3	SI	Achega certificación académica, a cal non reúne os requisitos esixidos na base 4ª das reguladoras do proceso selectivo.
5.	Piñón Barreiro, Juan José	***3773**	3, 5	SI	Solicitud presentada fóra de prazo.
6.	Prieto Lago, Cándido Eusebio	***6039**	1	SI	Non achega o Anexo I.

Motivo da exclusión:

- 1.- Non achega ou cumprimenta debidamente o Anexo I ou III.
- 2.- Non achega copia do DNI, pasaporte ou equivalente lexible por ambas caras ou está caducado.
- 3.- Non achega a copia ou certificación acreditativa da titulación esixida (título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria, graduado/a escolar ou técnico/a auxiliar ou bacharelato elemental ou equivalentes) ou está incompleta.
- 4.- Non achega CELGA 3 ou equivalente.
- 5.- Solicitud presentada fóra de prazo

TERCEIRO.- Outorgar un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas aspirantes poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base sexta e co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente o 29.12.2025 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

2025/8713